



## ACORDO DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO PLAN DE PROVISIÓN DE PERSOAL FACULTATIVO ESPECIALISTA DE 23 DE MARZO DE 2007

### Pola Administración

- Antonio José Fernández Paniagua  
Director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional
- Rosario García Villadangos  
Subdirectora xeral de Persoal
- Santiago Ares Martínez  
Subdirector xeral de Procesos Asistenciais
- María Ponte García  
Xefa do Servizo de Relacións Laborais
- Paula Oliete Trillo  
Xefa de Sección de Relacións Laborais.

### Polas Organizacións Sindicais

- M<sup>a</sup> Xosé Abuín Álvarez (CIG)
- Francisco Luís Vázquez Vizoso (CIG)
- Xan Ramón Fernández Cid (CIG)
  
- Jose Luis Marcos Luaña (CC.OO)
  
- José Manuel Blanco Docanto (CESM)
- Cándido Andión Núñez (CESM)
  
- Luis Santiago Jerez Couselo (UGT)
- Rosa María Vilas Vidal (UGT)
  
- Jacobo Formigo Couceiro (CSI-CSIF)
- Juan Evaristo Rodríguez Vázquez (CSI-CSIF)

En Santiago de Compostela ás 12:00 horas do día 23 de marzo de 2007, no edificio administrativo do SERGAS, logo da convocatoria realizada para tal efecto, reúnese a Comisión de Seguimento do Plan de Provisión de Persoal Facultativo Especialista, cos asistentes relacionados á marxe, co fin de recoller nunha mesma acta os acordos acadados nas xuntanzas habidas das Comisións de Seguimento de 23 de febreiro, e 1 e 16 de marzo de 2007.

### 1. DATA DOS EXAMES:

Os exames correspondentes á fase de oposición da OPE-2006 realizaranse na última semana do mes de xuño de 2007.

### 2. TRIBUNAIS:

- A composición dos tribunais da OPE-2006 será a seguinte:
  - 2 membros, presidente e secretario, elixidos pola SERGAS
  - 1 especialista elixido polos sindicatos
  - 1 especialista elixido aleatoriamente entre os 3-5 que propoña a Sociedade Científica correspondente que deberá ter o Grao II de Carreira Profesional.
  - 1 especialista elixido aleatoriamente entre todos os especialistas que teñan o Grao II de Carreira.

*Mano de UGT*



- En cada tribunal, non haberá máis de 1 membro do mesmo hospital, agás na situación excepcional de algunha especialidade que teña moi poucos especialistas.

### 3. "GUÍA DE CRITERIOS TÉCNICOS "

- No mes de abril será publicada no DOG a composición dos diversos tribunais da OPE.
- A continuación celebrarase o acto de constitución dos tribunais. Na dita sesión se lles propoñerá para a súa ratificación a guía de criterios técnicos. A guía constará de dúas partes, que previamente se consensuarán na Comisión de Seguimento:

- O documento "Proposta de criterios da División de RR.HH. e DP do SERGAS en relación coa OPE-2006 para o ingreso nas categorías facultativas do organismo". Este documento sería común para todos os tribunais.

- Priorización dos aspectos máis relevantes do programa formativo de cada especialidade, no seu caso avalada pola correspondente Sociedade Científica, sobre os que versarán os supostos prácticos do primeiro exercizo da OPE; isto adoptará a forma dunha relación nun entorno de 30 temas preferentes.

- Unha vez ratificada, a guía de criterios técnicos será publicada na WEB do SERGAS de xeito inmediato; así mesmo, a segunda parte da guía, a priorización dos aspectos máis relevantes do programa formativo de cada especialidade, publicaranse no DOG.

### 4. COMPROMISO DE PERIODICIDADE NA REALIZACIÓN DE OPEs E CONCURSOS DE TRASLADOS

- A OPE-Extraordinaria de 2001, amparada nunha sentenza do Tribunal Constitucional que deixa moi claro o seu carácter excepcional, supuxo a



finalización dunha longa etapa previa na que non se convocaron OPEs, nin concursos de traslados periódicos.

- A anulación de varias OPEs de facultativos nos anos 90, foi un dos elementos que explican o elevado nivel de precariedade laboral que chegou a haber entre estes profesionais no Sistema Nacional de Saúde. Tras esta OPE-2006, o SERGAS continuará convocando, con periodicidade bianual, OPEs ordinarias, e os correspondentes concursos de traslados. As tomas de posesión de ambos procesos serán coincidentes no tempo.
- A nova xeira de OPEs ordinarias que comezan coa OPE-2006 van caracterizarse por que nelas van ofertarse o 100% das prazas vacantes no momento da convocatoria. Igualmente, nos concursos de traslados ofertaranse o 100% das prazas das vacantes existentes, que responde a unha sentida aspiración do colectivo, solicitada reiteradamente.
- O Concurso de Traslados vinculado coa OPE 2006 convocarase no mes de abril de 2007.
- A oferta de emprego público do SERGAS correspondente ao ano 2008 (OPE-2008) ofertarase no primeiro trimestre de 2008.
- Nos concursos de traslados poderán existir, para o acceso a determinadas prazas excepcionais, requisitos ou méritos inherentes a prestacións de alta especialización, destinadas a esta función. Os criterios para a concreción das prazas de alta especialización foron acordados no seo da Comisión de Seguimento, a proposta da División de Asistencia Sanitaria.

## 5. ESTABILIDADE DOS FACULTATIVOS CON NOMEAMENTOS DE DURACIÓN SUPERIOR A UN ANO.

- Oferta durante o mes de abril de 2007 dun nomeamento único, continuo e previo á interinidade a todos os facultativos que teñan secuencias de vínculos por duración superior a un ano antes do 8.02.07, para a prestación estrutural de servizos en xornada ordinaria, agás substitucións e contratos de gardas.



- O censo entregado tamén inclúe a relación das persoas con contratos de substitucións actualmente existentes nos hospitais do SERGAS. Este censo está sendo revisado por parte da administración e os sindicatos da Comisión de Seguimento, co obxecto de detectar posibles erros e, de existir, subsanalos e incluílos na oferta anterior.
- Os vínculos do apartado primeiro que teñan por obxecto a realización continua de xornada ordinaria se transformarán en interinidades unha vez creadas as prazas no orzamento do ano 2008. Como mínimo se crearán tantas prazas coma vínculos estables para a atención en xornada ordinaria, que serán ofertadas na OPE do ano 2008, así como as 97 prazas de interinidades aprobadas nos orzamentos do ano 2007.
- Para facer plenamente transparente o mapa de situación da contratación temporal nos hospitais do SERGAS, durante o presente mes de marzo, a administración presentará, na Comisión de Seguimento, un censo adicional cos vínculos temporais de FEAs existentes nos hospitais cunha duración menor de 1 ano, a 08/02/2007. Os vínculos destas características que teñan vocación de continuidade terán tamén un nomeamento único e continuo.
- A partires deste momento a administración comprométese a que os vínculos e a súa duración sexan coherentes coa súa causa, en aplicación do principio de causalidade.

## 6. ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE FEAs BASEADO EN CRITERIOS OBXECTIVOS: PRIORIZACIÓN DOS PROFESIONAIS PARA A COBERTURA DOS VÍNCULOS.

- O sistema sanitario público galego ten carencias de facultativos en determinadas especialidades. Tras a finalización da fase de oposición (exames) da OPE de 2006 se elaborará unha lista ordenada polos resultados daquela así como dos servizos prestados para o SERGAS, que se integrará na selección temporal. Nunha situación na que non existen listas de contratación de FEAs, terán prioridade segundo o



procedemento establecido no parágrafo seguinte, para o acceso ás prazas que ficarán valeiras. É previsible que, o proceso de reasignación de novos postos de traballo aos facultativos cesados, converta en excepcional a situación na que, a un profesional cesado, non se lle asigne un novo posto de traballo. Para posibilitar este proceso non se amortizará ningunha praza ocupada de FEA durante o ano 2007, e o SERGAS procurará incrementar as prazas atendendo ás necesidades asistenciais con vínculos estables.

- Os criterios concretos que se usarán para este proceso, serán definidos antes do 01/07/2007 no seo da Comisión de Seguimento, e entre eles terán relevancia a experiencia profesional acreditada no SERGAS e o resultado acadado na fase de selección da OPE-2006.
- Nos próximos meses, na Comisión de Seguimento, se definirán os criterios nos que se baseará o sistema de contratación temporal de FEAs, que necesariamente terá que ter en conta as peculiaridades do mercado de traballo destes profesionais. O sistema de contratación temporal de FEAs que se estableza terá ámbito galego e deberá garantir a axeitada cobertura de profesionais dos hospitais comarcais, introducindo, no seu caso, medidas que contribúan a que medre o atractivo dos facultativos para traballar nestes hospitais.

## 7. BAREMO DOS MÉRITOS DOS PROFESIONAIS PARA A OPE-2008 E SUCESIVAS.

- Á vista dos resultados da OPE 2006 e tendo en conta e analizando os procesos doutras CCAA o mes de xullo/setembro, no seo da Comisión de Seguimento, constituirase un Grupo de Traballo (GT) sobre criterios de baremación de méritos dos facultativos nas OPEs: investigación, actividades científicas, servizos prestados, etc. Este GT estará composto por representantes da administración e dos sindicatos da Comisión de Seguimento.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión sendo as 14:30 horas.

*[Handwritten signature]*  
30/06/07